

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AOS SECTORES AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA DO CONCELLO DE CAMBADOS

A COVID-19 provocou unha fonda crise económica no conxunto do Estado e, en particular, no noso concello, unha situación sanitaria sen precedentes e con claras repercusións na economía e tecido empresarial, que levou a todo tipo de entidades públicas e/ou privadas, cada unha delas no ámbito das súas competencias, a intentar establecer mecanismos de compensación para atender ás múltiples necesidades xeradas por esta pandemia nos diversos sectores afectados.

O Concello de Cambados establece mediante esta proposta unha serie de axudas económicas para paliar, en parte, os gastos xerados polos sectores económicos (hostalería, comercio, axencias de viaxes, ximnasia ou similares, sempre que sexan pemes con ata 10 persoas empregadas e autónomos) que viron afectada a súa actividade durante a pandemia, co fin de que os prexudicados por esta situación, poidan sufragar os gastos fixos realizados ou devengados entre o 14 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2021.

A creación desta liña de subvencións resposta á demanda que veñen solicitando os sectores afectados do noso municipio pola crise do COVID-19.

A aprobación desta normativa dotará de transparencia e seguridade xurídica a todo o procedemento de concesión que se porá en marcha, redundando de xeito directo nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencionable.

Sobre a base destes antecedentes, formúlase a presente convocatoria de axudas directas aos sectores económicos (hostalería, comercio, axencias de viaxes, ximnasia ou similares, sempre que sexan pemes ata 10 persoas empregadas e autónomos) que viron afectada a súa actividade durante a pandemia, recollidos no anexo II da presente convocatoria.

PRIMEIRA. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Con carácter xeral, o obxecto desta liña de axudas municipais busca paliar en parte a perda de ingresos dos sectores afectados pola crise da COVID-19, como pode ser hostalaría, comercio, axencias de viaxes, ximnasia ou similares, sempre que sexan pemes con ata 10 persoas empregadas e autónomos.

A finalidade é promover, reactivar e contribuír ao mantemento da actividade



económica, o emprego e a competitividade dos sectores citados para que poidan facer fronte ás consecuencias da pandemia producida polo COVID-19, especialmente a aquelas relacionadas coa paralización da actividade e a forte diminución da súa actividade en aplicación das distintas medidas restritivas de protección fronte ao COVID 19, principalmente as establecidas no Decreto 8/2021, de 26 de xaneiro, da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e da Orde de 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de sanidade e as súas posteriores modificacións.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS/AS

Poderán solicitar estas axudas as persoas integradas nos seguintes colectivos:

Autónomos e PEMES con ata dez persoas empregadas, que cumpran os requisitos seguintes:

-Que actividade estivese pechada durante o ano 2020/2021 debido ás medidas restritivas de protección fronte ao COVID19 e/ou tivese unha baixada de facturación de alo-menos o 50 por cento, comparando os datos de facturación anual do 2020 cos datos de 2019.

-Que a actividade se desenvolva dentro do termo municipal de Cambados independentemente de onde radique a súa sede oficial.

Dada a natureza extraordinaria, tanto das actuacións subvencionables destas bases reguladoras como da situación de estado de alarma e emerxencia sanitaria da que derivan e que provocou que a meirande parte de persoas autónomas e empresas solicitaran aprazamento das súas obrigas tributarias, fronte a Seguridade Social ou á CCAA ou mesmo non poidan afrontar transitoriamente a súa satisfacción puntual, de acordo co establecido no artigo 10.2 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, se exime ás persoas beneficiarias desta subvención do requisito de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte da SS e á Administración Pública da CA e o Concello no momento da concesión da axuda, sempre que se dea a seguinte circunstancia, que deberá acreditarse perante a declaración responsable que figura no anexo I da presente convocatoria:

Que a persoa beneficiaria se comprometa a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, a Administración pública da Comunidade Autónoma e o Concello unha vez aboada a axuda concedida en aplicación das presentes bases.



TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral, consideraranse subvencionables os seguintes gastos relacionados coa actividade da empresa, realizados e efectivamente pagados entre o 14 de Marzo de 2020 e o 31 de Decembro de 2021.

- Alugueres (bens mobles e inmobles)
- Subministración: Luz, auga, electricidade, saneamento
- Seguros de responsabilidade civil e accidentes
- Compra de mercadorías relacionadas coa actividade
- Gastos derivados dos salarios do persoal contratado por conta allea excluídas as retencións
- Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade

En virtude do artigo 29.8 da lei 9/2007, non se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda ou os xuros debedores de contas bancarias.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Esíxese un mínimo de 500 euros (IVE excluído) de gastos xustificados para poder concorrer a esta convocatoria.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.

CUARTA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda será compatible con calquera outra concedida polas distintas administracións públicas con competencia neste eido, sempre que non superen o custo total dos gastos subvencionables.

QUINTA. CONTÍA DA SUBVENCIÓN

O importe da subvención para cada colectivo é o seguinte:

- A) Actividades obrigadas ao peche
- Un máximo 250 euros para titulares dunha actividade ou único establecemento obrigado ao peche da actividade
 - Un máximo 500 euros para titulares de máis dun local e/ou establecemento obrigado ao peche da actividade.



B) Actividades con baixada de facturación, non afectadas polo peche obrigatorio.

— Un máximo 250 euros para titulares dunha actividade ou único establecemento que sufriran baixada de facturación, na porcentaxe establecida na Base II da Convocatoria.

— Un máximo 500 euros para titulares de máis dun local e/ou establecemento que sufriran baixada de facturación, na porcentaxe establecida na Base II da Convocatoria.

O aboamento das subvencións reguladas nesta orde realizarase polo cen por cento do importe da axuda concedida, mediante ingreso na conta corrente da que se achegará certificado de titularidade no momento da solicitude.

SEXTA. FINANCIAMENTO

O crédito global e máximo que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 40.066,60 € con cargo á aplicación orzamentaria 4310.47900, financiado con cargo á subvención que a Deputación Provincial de Pontevedra concedeu para esta finalidade ao Concello de Cambados ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021, Liña 2.

SEPTIMA. PRINCIPIOS DE XESTIÓN

A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- Publicidade, concorrencia non competitiva, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
 - Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Concellería de Economía e Facenda.
 - Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.
- A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas. Non obstante, naqueles supostos en que se requirise aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que o dito requirimento estivese correctamente atendido.



De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no BOPPO.

OITAVA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de subvención dirixiranse a/ao Ilma/o Sra./Sr Alcaldesa/e e presentaranse a través da Sede electrónica do Concello (cambados.sedelectronica.gal).

O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

A solicitude de subvención deberá formularse nos modelos normalizados que estarán publicados na sede electrónica do Concello (cambados.sedelectronica.gal). **AXUDAS ECONÓMICAS A SECTORES AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA DO CONCELLO DE CÁMBADOS.**

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

A) Documentación xeral:

- NIF/CIF/NIE da persoa física ou xurídica titular da actividade
- Alta como autónomo na Seguridade Social (RETA)
- Certificación de IAE
- Certificado de titularidade de conta bancaria.
- Documentos que acrediten o gasto admitido para a xustificación desta axuda, Facturas e/ou xustificantes bancarios do abono dos mesmos realizados e efectivamente pagados entre o 14 de Marzo de 2020 e o 31 de Decembro de 2021:

- Alugueres (bens mobles e inmobles)
- Subministración: Luz, auga, electricidade, saneamento
- Seguros de responsabilidade civil e accidentes
- Compra de mercadorías relacionadas coa actividade
- Gastos derivados dos salarios do persoal contratado por conta allea excluídas as retencións
- Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade

B) Declaración responsable:

Declaración responsable (ANEXO I) que conterá os seguintes apartados:



1. Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
2. Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.
3. Que, dende a entrada en vigor da Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 16- bis, 26/01/2021) procedeu ao peche temporal da súa actividade habitual do negocio do que titular e/ou cotitular.
4. Que aínda non estando a súa actividade obrigada ao peche, tivo unha baixada de facturación de alo-menos un 50 por cento comparando os datos de facturación do ano 2020 cos do ano 2019.

Documentación acreditativa da baixada de facturación, con algúns dos seguintes modelos:

- Modelo 390 dos anos 2019 e 2020.
- Modelo 303 dos anos 2019 e 2020.
- Modelo 130 IV trimestre dos anos 2019 e 2020.

5. Que a súa actividade se desenvolve dentro do termo municipal de Cambados.
6. Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.
7. Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de 3 meses dende a recepción desta subvención.
8. Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.
9. Que se compromete a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, a Administración pública da Comunidade Autónoma e o Concello de Cambados unha vez lle sexa aboada a axuda concedida en aplicación das presentes bases.

Non será necesario aportar a documentación relacionada no apartado A



cando a mesma fora aportada con anterioridade dentro da convocatoria de axudas a reactivación económica 2020 do Concello (AGÁS A DECLARACIÓN RESPONSABLE, QUE SERÁ OBRIGATORIA EN TODO CASO E O CERTIFICADO DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA QUE SERÁ NECESARIO PARA O ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN).

Tendo en conta o establecido no parágrafo último da base segunda da presente convocatoria, o Concello non compensará da axuda a existencia de débedas con esta Administración Local, Seguridade Social, Facenda e AEAT. Unicamente se comprobará a existencia de licenza municipal, comprobación que as persoas solicitantes aceptan de xeito expreso.

NOVENA. EMENDA DAS SOLICITUDES

A unidade tramitadora comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará a persoa ou entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

Dito requirimento realizarase telematicamente, e mediante envío ao correo electrónico indicado para eses efectos nos anexos de solicitude de subvención, o interesado/a recibirá aviso de ter unha notificación á súa disposición na sede electrónica do Concello (cambados.sedelectronica.gal).

DÉCIMA. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Departamento de Economía, que elevará informe-proposta ao órgano competente, propoñendo a estimación ou desestimación da solicitude formulada.

No caso de dúbida interpretativa respecto á contía ou respecto á condición de beneficiario da axuda por parte do solicitante, será o órgano competente quen decida.

O procedemento de concesión das axudas e subvencións recollidas nesta convocatoria é non competitivo e axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e pola finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único



procedemento.

A concesión das axudas realizarase mediante a comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nestas Bases ata o esgotamento do crédito.

UNDÉCIMA. RESOLUCIÓN E RECURSOS

1. O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a XGL, previo informe do servizo responsable da tramitación e proposta da/do concelleira/o delegada/o da área de Economía e Facenda, tendo en conta que en caso de dúbida interpretativa respecto do dereito á percepción da axuda ou á contía da mesma, será o órgano competente quen decida.

2. A resolución de concesión emitirase atendendo á documentación presentada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita polo persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3. O prazo máximo para resolver e notificar é de 3 meses, que se computarán desde a data de peche do prazo de presentación de solicitudes no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e, contra elas, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. No suposto de esgotamento do crédito, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución da Alcaldía publicarase o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra co texto íntegro da resolución denegatoria por esgotamento de crédito, con indicación de que a dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso contencioso administrativo ou poderá formularse, con



carácter potestativo, recurso de reposición.

DUODÉCIMA. REINTEGRO VOLUNTARIO DAS SUBVENCIONS

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta que indicará o Departamento de Tesourería, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. A tal efecto presentarán escrito dirixido ao departamento de Economía informando da renuncia á axuda e solicitando o número de conta a efectos de reintegro.

3. En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar no rexistro do concello copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten os datos identificativos do titular da axuda concedida, a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente.

DÉCIMO TERCEIRA. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial as seguintes:

1. As empresas beneficiarias da axuda deberán manter a actividade empresarial durante un tempo mínimo de tres meses desde a concesión da subvención.

2. As persoas traballadoras autónomas beneficiarias da axuda deberán manter a alta no RETA durante un tempo mínimo de tres meses desde a concesión da subvención.

3. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que poderá efectuar o Concello e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, os Concellos deberán subministrar a información e a



documentación, que en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles sexa requirida pola Deputación e no prazo establecido ao efecto.

6. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas) deben manter unha pista de auditoría suficiente e ter na contabilidade de xeito separado o ingreso da axuda percibida, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante os dous anos seguintes a súa concesión.

7. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos casos previstos nesta convocatoria.

8. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), estarán suxeitas a aquelas outras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán dar publicidade do financiamento da Deputación de Pontevedra.

DÉCIMO CUARTA. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O Concello, polos medios que estime oportunos e conforme á normativa en materia de subvencións, comprobará o cumprimento a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a subvención.

Para tales efectos, poderá subscribir contratos para a realización de programas de auditorías das axudas.

DÉCIMO QUINTA. PERDA DO DEREITO AS AXUDAS, REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A obtención, falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidisen, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da totalidade da axuda e ao seu reintegro. Esta circunstancia é constitutiva dunha infracción moi grave, segundo o artigo 53.a) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia,



e poderanse impoñer as sancións, recollidas no artigo 61.1 da mesma lei, de multa pecuniaria proporcional do dobre á tripla da cantidade indebidamente obtida.

DÉCIMO SÉTIMA. TRATAMENTO DOS DATOS

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico economia@cambados.es

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.



Cambados.

6.- Que se solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.

7.- Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de 3 meses dende a recepción desta subvención.

8.- Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.

9.- Que se compromete a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á seguridade social, a Administración pública da Comunidade Autónoma e o Concello de Cambados, no prazo de 15 días, unha vez lle sexa aboada a axuda concedida en aplicación das presentes bases.

10.- Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nas presentes bases en canto o obxecto da actividade e está exenta do pago do imposto de Actividades Económicas.

11.- Asumir o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

12.- Que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumplida ningunha obriga por reintegro de subvencións.

13.- Que a persoa ou entidade solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

14.- Que no caso de que a/s factura/s ou documento/s xustificativo/s sexan escaneos o son da documentación orixinal a cal deberei por a disposición do Concello se a require dentro do prazo de cinco anos dende a concesión da subvención.

15.- AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a obter os datos que obren en poder da administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

16.- AUTORIZO ao Concello de Cambados a comprobar a existencia de licenza municipal.

SOLICITA a:

Concesión de axuda dentro da convocatoria regulada nas presentes bases do Concello de Cambados, de acordo co establecido no artigo quinto das bases.

- DECLARA que para estes gastos:

Non se solicitou ningunha axuda.

Solicitouse a seguinte axuda:

- DOCUMENTACIÓN (A presentar con esta solicitude)

Documentación que se achega (marcar "X")



